



**PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES PARA O ALLEAMENTO DE
APROVEITAMENTOS MADEIREIROS (A RISCO E VENTURA, CLARA)**

I. ELEMENTOS DO CONTRATO

1.- ÁMBITO DO PREGO

- 1.1.- O presente Prego rexerá na execución do aproveitamento que se describe no artigo 2º. No non recollido expresamente polo presente Prego, cumprirase o disposto no Prego Xeral de Condicións Técnico facultativas (Resolución do 24-4-75, B.O.E. do 20-8-75), o Prego Especial de Condicións Técnico facultativas para Aproveitamentos madeirables (Resolución do 6-5-75, B.O.E. do 21-8-75), o Decreto 244/1998 de 24 de xullo (D.O.G.A. Nº 159 de 18-08-98) e a Orde de 8 de setembro de 1998 (D.O.G.A. Nº 180 de 16-09-98) que desenvolve o Decreto 244/1998.

2.- OBXECTO E CARACTERÍSTICAS DO APROVEITAMENTO

- 2.1.- Os produtos a que se refire o presente Prego de Condicións Particulares son os procedentes do aproveitamento dos pés do lote correspondente ó expediente , nunha superficie aproximada de 8,33 hectáreas, das cales 8,33 hectáreas son triturables, que se representan no croquis adxunto a este Prego, do monte Fontenla e Outeiro de Nuño (526/529) pertencente á Entidade Menor Local de Pazos de Reis (Tui).

- 2.2.- Características do aproveitamento:

Motivo da corta:	Corta de rexeneración (clara) e claras
Localización:	En pé
Cousa certa:	2,029 pés
Especie/s:	<i>Pinus pinaster</i> Ait.
Contía:	1,790 m ³ .c.c.
Prezo unitario:	28,00 €/m ³ .c.c.
Prezo base de tasación:	50,120,00 €
Prezo índice:	62.650,00 €
Prazo de execución:	4 meses



3.- MODALIDADE DE ENAXENACIÓN

- 3.1.- A enaxenación do aproveitamento a que se refire este prego realizase a **risco e ventura**. A enaxenación será da madeira en pé con cortiza, polo que tódalas operacións de derribo, arrastre, saca, etc. serán por conta do adxudicatario.

II. FORMA DE REALIZAR O APROVEITAMENTO

4.- INSPECCIÓN DO APROVEITAMENTO

- 4.1 A execución do aproveitamento será controlada e inspeccionada polo persoal da Administración Forestal de Pontevedra, organizando os sistemas de control que se consideren adecuados para acadar os fins do mesmo. Ás súas observacións ou indicacións deberán atenderse o adxudicatario e os seus empregados e operarios.
- 4.2 O Adxudicatario e os seus operarios estarán obrigados a non poñer dificultade algunha para que polo persoal da Administración forestal do parque natural do Monte Aloia se practiquen cantos recoñecementos e operacións encamiñados a comprobar a correcta execución do aproveitamento se consideren convenientes.

5.- FORMA DE REALIZAR A CORTA

- 5.1.1 A corta a realizar será:

Unha clara (corta de rexeneración) nos rodais 501, 502 e 505 parte, así como clara nos rodais 503, 603 e 604 conforme ao disposto no antedito plan, procurando unha densidade final de 50 pés/ha. e 350 pés/ha respectivamente.

Poderanse abrir trochas coa anchura imprescindible para a saca da madeira distanciadas entre 20 e 30 metros, debendo contar cada unha delas para a súa realización coa autorización correspondente, de acordo coa lexislación forestal e de conservación da natureza. Excepcionalmente poderase autorizar un menor distanciamento entre trochas, e sempre por causa xustificada.



5.1.2. A corta dará comezo no lugar que designe o persoal técnico forestal do parque natural do Monte Aloia. Unha vez iniciado o aproveitamento, a corta deberá realizarse nunha superficie continua, salvo autorización do técnico forestal.

Establecerase a criterio do técnico responsable o número determinado de exemplares de frondosas a conservar así como de pés mortos, sendo neste último caso indicativa a cifra de 1 a 3 pés/ha. Todo isto quedará condicionado a que, razóns fitosanitarias ou de risco de incendio, fagan máis recomendable o seu aproveitamento.

5.1.3. O Adxudicatario está obrigado ao aproveitamento dos fustes dos árbores ata un diámetro en punta delgada de 6 cm para trozas dunha lonxitude mínima de 2 metros.

A altura do tocón non sobrepasará dos 10 cm, medidos na dirección superior da pendente.

5.2 O Adxudicatario está obrigado a respectar las condicions que para o derribo e desembosque da madeira se establezan sobre o terreo por parte da Administración Forestal, co gallo de evitar a erosión superficial e a conservación no posible da rexeneración natural que puidera existir e o arbolado que deba permanecer.

A apertura de vías secundarias de saca e o emprazamento dos cargadoiros que se consideren necesarios haberán de ser propostos aos técnicos da administración forestal e aprobados por éstos.

5.3 O Adxudicatario é responsable de calquera alteración que se produza nos sinais que se sitúen para a demarcación da zona do aproveitamento.

6.- DESEMBOSQUE E SACA DOS PRODUTOS

6.1 O desembosque efectuarase a través da zona sinalada no croquis segundo se indique polo persoal da Administración, podéndose realizar fóra da mesma en ocasións puntuais, e sempre previa autorización.

Para a saca e transporte dos produtos, o Adxudicatario poderá utilizar os cargadoiros, veredas, arrastraderos e vías existentes, sen producir danos ao arbolado que non sexa obxecto do aproveitamento. Se precisara reparalos ou construír outros novos será precisa a autorización da Administración, e en todo caso ficarán a favor da Entidade

Propietaria do monte. Tanto as pistas, incluídas foxos e pasos de auga, como os cargadoiros deberán quedar limpios de toda clase de residuos de corta.



- 6.2 O Adxudicatario non poderá interromper o uso de camiños e pasos para o gando, nin opoñerse ao cruce das sendas ou camiños que a administración forestal xulgue necesarios para o bo aproveitamento do monte.

Ao remate do prazo da adxudicación, o Adxudicatario deberá deixar as vías utilizadas en boas condicións de uso a xuízo do persoal da Administración Forestal. No caso de que no uso dunha mesma vía de saca coincidan varios Adxudicatarios, a Xefatura do Servizo Provincial de Montes xunto coa Administración do parque natural do Monte Aloia fixará a parte proporcional que poida corresponder a cadanseu nos gastos ou traballos de reparación.

7.- RESTOS DE CORTA

- 7.1 Os restos de corta de dimensión inferior a 3 centímetros de grosor e lonxitude poderán deixarse ben apilados en cordóns distanciados non menos de 10 metros ou ben distribuídos polo monte tentando no posible que a súa distribución sexa homoxénea e que sexan desmenzados polo paso da maquinaria. En calquera caso deberán ser picados de tal forma que nunca sobrepasen os 50 cm de lonxitude.

8.- INCENDIOS

- 8.1 Adoptaranse as precaucións necesarias para evitar que se produzan incendios forestais. En caso de incendio, tanto se este se produce no monte onde se realiza o aproveitamento como se se produce nos límites, estará obrigado o persoal que realiza o aproveitamento a acudir inmediatamente ó lugar no que se produza e a cooperar nos traballos de extinción, aportando as ferramentas e o material do que dispoñan.

9.- OUTRAS CONDICIÓNS

- 9.1 O aproveitamento realizarase no ámbito territorial do Parque Natural do Monte Aloia, polo que cumprirá a terse ao prescrito na súa lexislación específica, así como a lexislación correspondente aos espazos da Rede Natura 2000.



- 9.2 A Administración Forestal poderá elixir algunhas árbores con obxecto de realizar estudos dendrométricos. O seu número non superará en ningún caso o cinco por cen do total das árbores a apear. O adxudicatario deberá apear estes pés cando se lle solicite. Unha vez realizados os estudos poderá retiralos sen que poida reclamar sobre o estado no que se atopen.
- 9.3 En todo momento respectarase a lexislación aplicable, especialmente no que se refire normativa vixente de seguridade e saúde.
- 9.4 O Adxudicatario adoptará as medidas necesarias para minimizar ou, de ser posible, evitar danos ao terreo causados pola maquinaria e, de ser o caso, procederá a súa reparación.
- 9.5 No caso de aproveitamentos realizados en montes incluídos no Sistema de Xestión Forestal Sostible da Xunta de Galicia o Adxudicatario deberá cumprir co establecido no Manual de boas prácticas na xestión forestal sostible.
- 9.6 En calquera momento o representante da Administración poderá solicitar os documentos que acrediten a contratación dos operarios que se atopen traballando na unidade de xestión.
- 9.7 A zona de actuación e atopa en parte dentro da área demarcada por mor da existencia na comarca do nematodo do piñeiro (rodais 603 e 604), polo que nestes rodais será preciso aterse ao disposto, en canto a aproveitamentos forestais, no *Decreto 10/2011, do 28 de xaneiro, polo que se declara de utilidade pública e erradicación do organismo de corentena do nematodo do piñeiro Bursaphelenchus xylophilus (Steiner et Buher) Nickle et al., e se ordenan medidas para evitar a súa propagación.*

10.- PROHIBICIÓNS EXPRESAS

- 10.1 O Adxudicatario non poderá impedir a execución dos demais aproveitamentos, distintos dos da él adxudicados, nin a dos traballos de mellora ou de calquera índole que no mesmo se realicen pola Administración Forestal, xa se executen por administración ou por calquera outro sistema de contratación.



- 10.2 Igualmente deberá respectar as servidumes que estean establecidas.
- 10.3 Non poderán os Adxudicatarios aproveitar as árbores, arbustos ou matorrais non incluídos nos aproveitamentos adxudicados, nin sequera para utilizalos en traballos complementarios de éste.
- 10.4 Non se poderán realizar traballos nocturnos, nin en domingos ou días festivos.
- 10.5 Está terminantemente prohibido encender lume no monte en épocas de risco de incendio. Fóra das épocas de risco, se estará ó disposto na lexislación de incendios, e en especial respecto a autorizacións e notificacións de queima.
- 10.6 Queda prohibida a acumulación incontrolada de residuos non forestais (latas de aceite, latas de combustible, plásticos, etc.), debendo proceder o adxudicatario a retirar todo tipo de residuos que xenere e a deixar o monte nas mesmas condicións que estaba antes do aproveitamento.

11.- VENTA OU SUBARRENDO DO DISFRUTE

- 11.1 Se o Adxudicatario vendese no monte os produtos do aproveitamento ou subarrendase, o poñerá en coñecemento da Xefatura do Servicio Provincial de Montes e proveerá ao comprador ou subarrendatario do documento que o acredite como tal. O comprador ou subarrendatario ficará obrigado ao cumprimento de tódalas condicións deste Prego, pero elo non eximirá ao Adxudicatario da responsabilidade correspondente a tódolos danos que se produzan no monte.

12.- PRAZO DE EXECUCIÓN

- 12.1 O Adxudicatario queda en liberdade para realiza-las diferentes operacións inherentes aos disfrutes na época que máis conveña aos seus intereses pero sempre dentro do prazo fixado para realizar o disfrute, e de acordo co contemplado no decreto 10/2011 antedito.
- 12.2 O apeo deberá estar útimado aos **4** meses contados a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de entrega, e a retirada da totalidade dos produtos nun prazo dun mes a partir de que se dea por rematado o apeo.



12.3 Rematado o prazo para a execución dos aproveitamentos, perderá o Adxudicatario, sen dereito a indemnización algunha os produtos non aproveitados ou non extraídos do monte, aboando ademáis o importe dos danos e perxuizos causados.

12.4 O incumprimento de calqueira das condicións anteriores será causa suficiente para declarar a caducidade do contrato establecido en virtude da adxudicación definitiva, ordeándose a retirada da licenza concedida, sen perxuízo das sancións que poidan corresponder ao concesionario.

En Pontevedra, a 29 de xuño de 2017

A xefa do Servizo de Montes

O enxeñeiro de Montes
responsable

Amalia Pazos Pintos

Gonzalo Puerto Arribas

O rematante